

CALENDARIO DO CURSO PASTORAL. 2015-16

Outubro 2015

Nos domingos: rezo do Rosario

18: DOMUND

24: XIII Peregrinación do Rosario

Novembro 2015

1-2: Todos os Santos e fieis defuntos

5-13: Novena de Ánimas

14: Acto de Ánimas

15: Día da Igrexa Diocesana

29: Comezo do Advento

Decembro 2015

4: Santa Bárbara

8: Inmaculada Concepción.

Convivencia dos peregrinos a Lourdes.

13: APERTURA DO XUBILEO NA DIOCESE

20: APERTURA DO XUBILEO NA FRANQUEIRA

25: Nacemento do Noso Señor

27: Sagrada Familia. Renovación dos matrimonios.

Xaneiro 2016

1: Santa María Nai de Deus. Xornada pola paz

6: Epifanía do Señor.

15: San Amaro/ 17: San Antón

23: Cerco de San Sebastián. Bendicións

18-25: Oración pola unidade dos cristiáns

24: Infancia misioneira

Febreiro 2016

2: Presentación do Señor

3: San Brais. Bendición do Pan

7: Bendición e presentación dos nenos á Virxe na Misa das 5 da tarde.

7: Campaña contra a fame.

11: Nosa Sra. Lourdes.

10: Mércores de cinsa. Comeza a Coresma.

Os domingos rezo do Vía Crucis.

Marzo 2016

4-5: 24 horas para o Señor na Concatedral. Vigo

19: San Xosé. Campaña do Seminario

21: San Benito

20: Domingo de Ramos.

24-27: Triduo Santo. Pascua do Señor

Os domingos rezo do Vía Lucis

Abril 2016

4: San Telmo. Patrón da Diocese

17: Xornada de oración polas vocacións

Maio 2016

Nos domingos: rezo do Rosario

1: Pascua do Enfermo

13: Virxe de Fátima

7-15: Novena das Pascuillas.

23: Encontro diocesano de catequistas

15: Pentecostes, Día do Apostolado Segrar.

16: Romaría das Pascuillas

29: Santísimo Corpo e Sangue de Cristo. Día da Caridade.

Xuño 2016

3: Sagrado Corazón de Xesús. Xornada de oración polos sacerdotes.

4: Inmaculado Corazón de María

Xullo 2016

Meses de xullo e agosto, de luns a venres, Misa ás 8 da tarde.

11: San Benito

16: Virxe do Carme

25: Santiago Apóstolo.

Días dos misioneiros da Diocese

26: Día dos maiores

Agosto 2016

6: XII peregrinación ó Coto da Vella

5: Basilica de Santa María a Maior de Roma

15: Asunción da Virxe. VIII certame de Música antiga

27: VIII Peregrinación nocturna de xóvenes

Setembro 2016

30 agos- 7. Novena á Virxe da Franqueira

2: Día das familias

3: Funeral polos devotos

3: Día dos nenos

4: Día dos enfermos

7: Procesión das Antorchas

7-8-9: Romaría da Franqueira

Natividade da Virxe María

Do 9- 30: De luns a sábado Misa ás 6 da tarde.

18: Romaría dos Poxos. Recollida de alimentos

Outubro 2016

Nos domingos: rezo do Rosario

10-15: PEREGRINACIÓN DA DIOCESE A ROMA

29: XIV Peregrinación do Rosario



PARROQUIA-SANTUARIO DA NOSA SRA DA FRANQUEIRA

CURSO 2015-16

Misericordiosos coma o Pai

OBXECTIVO XERAL DA DIOCESE
Renovar actitudes persoais e estruturas eclesiais para lograr
unha verdadeira conversión pastoral
ao servizo do anuncio gozoso do Evanxeo.



OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA DIOCESE

- **Promover unha verdadeira renovación persoal e comunitaria, que nace do encontro con Xesucristo e culmina nunha vida cristiá auténtica e nunha Igrexa máis sinxela, alegre e fraterna.**
- **Impulsar na nosa Igrexa de Tui-Vigo unha pastoral decididamente misioneira.**

OBXECTIVOS DO CURSO PASTORAL NAS PARROQUIAS

Para o obxectivo 1º

1. Facilitar e poñer nas mans de todos o libro dos evanxeos e promover entre os fieis a lectura da Sagrada Escritura, os grupos bíblicos e a práctica da *lectio Divina*.
2. Fomentar nas parroquias o rezo da Liturxia das horas, especialmente nos tempos fortes; e outros espazos de oración comunitaria e persoal.
3. Preparar con esmero as nosas celebracións para que sexan máis vivas, participativas e orientadas á vida.
4. Impulsar aos laicos na parroquia: creando grupos de formación; informando e invitando a participar nas actividades diocesanas e arciprestais recollidas no Plan Diocesano de Pastoral: cursos, conferencias, talleres, exercicios espirituais, convocatorias das delegacións...; alentando a súa corresponsabilidade nas tarefas, consellos e grupos parroquiais (catequistas, Cáritas, pastoral da saúde, liturxia...) e incorporando tamén as xeracións máis novas.

Para o obxectivo 2º

1. Coidar con esmero nas parroquias a pastoral coas familias e organizar un equipo de pastoral familiar
2. Continuar traballando a exhortación "*Evangelii gaudium*" cos grupos parroquiais e outros documentos do Maxisterio.
3. Aproveitar as romarías e festas de tradición popular para darlles un sentido misioneiro e provocar nos fieis o encontro coa persoa e mensaxe de Xesucristo.
4. Coidado especial do primeiro anuncio: acollida cordial da persoa, encontros para esclarecer a fe, esmerada preparación con homilía de aquelas celebracións (enterros, vodas, bautizos, primeiras comunións...) ás que acoden persoas pouco practicantes ou non crentes.
5. Impulsar unha catequese adecuada sobbre o sacramento da reconciliación, con periódicas celebracións penitenciais non sacramentais, que culminen na recepción frutífera do Sacramento da Reconciliación

CELEBRAR O ANO XUBILAR EXTRAORDINARIO DA MISERICORDIA

1. Organizar unha adecuada programación para o xubileu no santuario e a colaboración de voluntarios na acollida e atención de peregrinos, animación das celebracións e actividades.
2. Unirse a programación diocesana do xubileu





EVANXELIZACIÓN E FORMACIÓN

“A Igrexa ten a misión de anunciar a misericordia de Deus, corazón palpitante do Evanxeo, que polo seu medio debe chegar a toda mente e corazón da persoa” MV 12

- Convivencias e encontros para nenos e xoves: peregrinacións, convivencias, encontros.
- Organizar os camiños de peregrinación con xoves con temas do xubileu
- Traballar os números da *Evangelii gaudium* sobre a catequese.
- Encontros de oración estilo “Taizé” para os xoves.

CATEQUESE

- ✓ Catequese infantil os mércores e de confirmación os venres.
- ✓ Formación de catequistas: unha vez ó mes

FAMILIA

“Chegou o momento de encargarse do anuncio alegre do perdón” MV 10

- ✓ Impulsar os encontros con matrimonios xoves
- ✓ Presentación e bendición dos nenos o domingo 7 de febreiro ás 5 da tarde
- ✓ Día das familias na novena da Virxe da Franqueira o día 2 de setembro

GRUPO DE BIBLIA “NOSA SEÑORA DA FONTE DA FRANQUEIRA”

“A Misericordia é a palabra clave para indicar o actuar de Deus cara nós”. MV 9. “Para ser capaces de misericordia, debemos poñernos á escoita da Palabra de Deus. Recuperar o valor do silencio para meditar a Palabra” MV 13

- Afianzar o grupo de biblia e propoñer a participación a novos membros
- Animar que os membros do grupo exerzan o servizo das lecturas nas celebracións
- Repartir entre as familias os libros do Evanxeo do día
- Coñecer mellor o Evanxeo de Lucas e as parábolas da misericordia
- ✓ Reunión: Primeiro sábado de mes ás 7 da tarde
- ✓ Celebracións especiais: Advento e Nadal.; Coresma e Pascua.

ACOLLIDA E ATENCIÓN ÓS PEREGRINOS

“A peregrinación é imaxe do camiño que cada persoa realiza na súa existencia” MV 14

- Impulsar a construción dun albergue de peregrinos.
- Atención ós grupos de peregrinos para a acollida, oración e bendición.
- Acollida dos grupos de excursións con explicacións e proxección do vídeo sobre a Franqueira.
- Preparación dun tríptico informativo sobre o Santuario da Franqueira.

VIDA LITÚRXICA E ESPIRITUAL



“Que a palabra do perdón poida chegar a todos e a chamada a experimentar a misericordia non deixe indiferente a ningún” MV 19

- Coidado das celebracións, en especial, da homilía.
- Temas: Obras de misericordia, Xubileu e perdón, peregrinación, devoción mariana.
- Uso das pantallas nas celebracións para unha maior participación.
- Preparación das celebracións litúrxicas, sobre todo das Romarías e peregrinacións.
- Favorecer momentos de oración persoal en silencio: retiros, Exposición do Santísimo, Liturxia das Horas
- Animar a celebración do sacramento da Penitencia son folletos que faciliten o exame e a celebración
- Animación dos lectores e monitores das celebracións litúrxicas.
- Participación dos grupos parroquiais nas Novenas da Virxe.

Celebracións e actividades

- ✓ **Celebración da Eucaristía: mércores ás 6 da tarde, sábados ás 6 da tarde e domingos ás 11 da mañá e 5 da tarde. O día 8 de cada mes Misa Solemne en Honor da Virxe, ás 12 da mañá e ás 6 da tarde, excepto se é domingo.**
- ✓ **Penitencia: mércores, sábados e domingos, e sempre que se solicita. Celebracións no advento e coresma. Impulsar as celebracións da penitencia con motivo do xubileu.**
- ✓ **Grupo de cadea de oración na casa envío por internet e en papel**
- ✓ **Festividade e Romarías, sobre todo Pascuillas e Setembro**
- ✓ **Retiro mensual**

Exposición do Santísimo os domingos seguintes ó 8 de cada mes, despois da Misa das 5 da tarde. Este ano centrarse na Misericordia.

- ✓ **Peregrinacións e encontros:**
XII Subida á montaña (sábado 6 de agosto)
XIV Peregrinación do Rosario (sábado 29 de outubro)

GRUPO CORAL “NOSA SEÑORA DA FRANQUEIRA”

“Deus preséntase cheo de ledicia, especialmente cando perdoa” MV 9

- Preparación de celebracións especiais.
- Animar a que se incorporen novos membros.
- Favorecer a formación bíblico-litúrxica

Calendario

- ✓ Ensaio os martes ás 7 da tarde.



CARIDADE

“É o meu vivo desexo que o pobo cristián reflexione sobre as obras de misericordia corporais e espirituais. Será un modo de espertar a nosa conciencia e de adentrarnos no corazón do Evanxeo, onde os pobres son os privilexiados da misericordia” MV 15

- Impulso do grupo de caritas interparroquial “Nosa señora da Franqueira”
- Reflexionar sobre as Obras de misericordia
- Asumir as tarefas propias do grupo entre os seus membros.
- Acondicionar a Casa Mater Misericordiae para as actividades de acollida e atención.
- Colecta do 1º domingo de mes para Caritas
- Animar a colaboración co terceiro mundo (colectas, en especial a da festa dos Poxos)

Actividades

- ✓ **Reunión quincenal de Caritas para a formación, oración e actividades.**
- ✓ **Reparto de alimentos: 1ª semana de mes.**
- ✓ Campañas de sensibilización

ENFERMOS E MAIORES

“A Igrexa está chamada a curar as feridas, aliviar, consolar, vendar coa misericordia e sanalas coa solidariedade” MV 15

Visita mensual ós enfermos e ás residencias de anciáns e hospitais.

Día do enfermo: na campaña mundial e no domingo anterior ó 8 de setembro

Encontros Betania para enfermos

- ✓ Últimos domingos de mes despois da Misa de 5 da tarde
- ✓ Exposición do Santísimo. Tema: As obras de misericordia.
- ✓ Animar a creación dun grupo de Pastoral da Saúde

Animar a colaboración coa Peregrinación a Lourdes que organiza a Hospitalidade Diocesana.